



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2020

**HÉCTOR CAJARAVILLE
PORTAS E POXIGOS DA ANTIGA
MURALLA DE SANTIAGO**

Portas e poxigos da antiga muralla de Santiago

Once portas, Héctor Cajaraville



Duración aproximada: 120 minutos

**PORTAS E POXIGOS DA ANTIGUA MURALLA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
(e localización das igrexas intra muros)**

A detailed map of Santiago de Compostela, Galicia, Spain, illustrating the layout of the city's old walls and the locations of its churches. The map is oriented with North at the top, indicated by a compass rose. The city's perimeter is defined by a yellow-shaded area representing the old walls. Various gates (Portas) and small openings (Poxigos) are marked along the walls with red icons and labels. Inside the walls, numerous churches (Igrexas) are shown with blue icons and labels. The map also depicts several streets (Rúas) and a central square (Praza). The labels for the gates and churches are in Galician, while the street names are in Spanish. The map provides a clear overview of the historical urban structure of Santiago de Compostela.

Portas e Poxigos:

- Porta da Pena
- Porta de San Roque
- Poxigo da Aigalia
- Porta de San Francisco
- Praza da Atalaia
- Porta do Camiño
- Porta da Trindade
- Poxigo de San Fiz
- Porta de Mazarelos
- Porta da Mámoa

Igrexas:

- Igrexa de San Martiño Pinario
- Igrexa de San Miguel dos Agros
- Igrexa das Ánimas
- Igrexa de San Bieito do Campo
- Igrexa de Santa María do Camiño
- Igrexa de San Paio de Antelares
- Catedral
- Igrexa de Santo Agostiño
- Igrexa de Santa María Salomé
- Igrexa de San Fiz de Solovio
- Igrexa da Universidade
- Igrexa das Orfas

Rúas:

- Rúa Entremuros
- Rúa Ameas
- Rúa Virxe da Cerca
- Rúa Entrecercas
- Rúa do Peso
- Rúa Entremuralas



N

Porta de San Francisco

Poxigo da Algália

Praça
da Atalaia

Igrexa de 
San Martiño Pinar

**Igreja de
San Miguel dos Agros**



Igreja
as Ánimas

Porta do Camiño

grexa de
eito do Campo

Igrexa de
Santa María do Camiño

Igrexa de San Paio
de Antealtares



Catedral

Porta da Trindade

Igrexa de Santo Agostiño

Igrexa de
Santa Maria Salomé

Igrexa de
San Fiz de Solovio



Igreja da Universidade

Porta de Mazarelos

Igreja das Orfas

Porta da Mamoa

91 Entrecercos

R/ do Peso

R/ Entremurallas

Porta Faxeira

Custa imaxinar a cidade de Santiago circundada por unha enorme muralla defensiva, ao estilo da de Lugo. E non obstante, durante case mil anos así foi. Practicamente desde o seu nacemento no século IX a urbe estivo fortificada para impedir invasións ou andazos. E tamén para cobrarlles tributos aos que quixesen introducir mercadorías nela, xa que as murallas cumprían estoutra función de control comercial.

Aínda que hoxe apenas quedan vestixios dela, a cerca compostelá tiña unha lonxitude de case dous quilómetros, arredor de cincuenta torres, unha elevación media de cinco metros e un grosor de dous e medio. Non estamos falando, polo tanto, dunha construción para saír do paso ou arredar os fatos de malfeitores que pululaban por estas terras nos tempos do Medievo, senón dunha auténtica fortificación pronta para repeler incursións de todo tipo, como lle correspondía a unha das capitais da cristiandade. Pero a partir do século XVI a muralla comeza a verse máis ben coma un corsé que dificulta o crecemento da urbe e no século XIX desaparece case por completo.

Onde si se mantiveron as referencias a ela foi na toponimia da cidade: Entremuros, Entrecercas e Entremurallas, rúa do Peso (por ser alí onde se pesaban as mercadorías que entraban pola porta Faxeira), rúa das Ameas, praza da Atalaia, Virxe da Cerca... Case se pode seguir o perímetro completo da muralla a partir dos nomes das vías que a circundaban.

En canto ás portas, no século XII o *Códice Calixtino* recolle sete accesos: a porta Francíxena (logo chamada do Camiño), principal entrada dos peregrinos procedentes de Castela; a porta de Mazarelos, pola que se introducían na cidade os viños da Ulla e do Ribeiro e a única que se conserva; a porta da Mámoa, lugar dun máis que probable enterramento tumular; a porta Faxeira, na saída cara a Padrón, Noia, Pontevedra ou Portugal; a porta da Trindade, orientada ao solpor fisterrán; a porta de San Francisco, fronte ao convento desta orde; e a porta da Pena, lugar de ingreso na urbe para os peregrinos chegados desde os portos da Coruña ou Ferrol.

Posteriormente ábrese a de San Roque, preto da porta da Pena, na cara norte da cidade. E xa nos séculos XIV e XV practícanse outros tres accesos á muralla que, polo seu menor tamaño, reciben o nome de poxigos. O primeiro deles sitúase na Algalia de Abaixo, nas proximidades da mencionada porta de San Roque; o segundo, chamado de San Fiz, estaría emprazado nalgún punto do espazo en que logo se edificou o mercado de abastos. E o terceiro, que recibía o nome de «poxigo do Souto», só se menciona de forma marxinal nalgún documento e nunca se puido concretar a súa localización.

Para evitar novas invasións, os bispos Cresconio (s. XI) e Xelmírez (s. XII) constrúen a muralla definitiva, xa en pedra e co contorno que se foi consolidando ao longo dos anos, unha peculiar forma de *améndoa* que aínda hoxe en día segue servindo para denominar a parte histórica compostelá.



PARADAS DO ROTEIRO

1. Alameda

No ano 1929 en que se sitúa a historia narrada en *Once portas*, a Alameda de Santiago era o epicentro da vida na cidade, e aínda na actualidade conserva esa posición preeminente dentro dos lugares máis significativos da urbe compostelá. Precisamente alí arranca a novela.

A Alameda de Santiago é ademais o pulmón verde da cidade, cunha extensión de 56.000 m². É ademais, un recinto relixioso, e por partida dobre, xa que nela se localizan as igrexas do Pilar e de Santa Susana (no curuto). O adro desta igrexa foi tamén o lugar de reunión do Concello na Idade Media, como así o indica unha placa conmemorativa.

Pero o máis característico da Alameda é o seu paseo circular, unindo os tramos da Ferradura e dos Leóns, un percorrido de arredor de 800 metros que no seu punto medio ofrece unha espléndida vista de todo o Campus Vida da USC, especialmente dos colexios maiores, os xardíns e as instalacións deportivas.

A Alameda en si mesma é tamén un xardín exótico onde podemos atopar algunhas das especies que forman parte do catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia, así como xigantescos eucaliptos cuxa semente foi enviada polo relixioso galego frei Rosendo Salvado desde Australia ou a célebre *Perona*, un abeto plantado por Eva Perón na súa visita á cidade.

Hai xa máis dun século, o recinto da Alameda acolleu a Exposición Regional Gallega de 1909, un fito memorable na historia da cidade. Malia o seu nome de Exposición Regional, aquel acontecemento foi un verdadeiro encontro internacional no que se expuxeron os avances e as expresións artísticas máis avanzadas a aquela altura. A exposición constaba de 10 edificios, 600 instalacións, máis de 10.000 pezas... Hoxe en día aínda se conserva un dos edificios, reconvertido a gardería infantil. Aproximadamente desa mesma época modernista data o quiosco da música, aínda en uso.

Desde 1882 ata 1971 a tradicional feira de gando dos xoves celebrouse tamén na Alameda, á que xa de madrugada chegaban centos de tratantes de toda a bisbarra para vender e comprar gando; e aquí se seguen instalando os postos comida e bebida e as atraccións nas festas da Ascensión (festividade local compostelá en que arranca a novela) e do Apóstolo.

Por último, aínda en relación coa Alameda, cómpre cita que en 1929, ano en que comeza a historia de *Once portas*, na cidade de Santiago non había cine, de modo que só se podía asistir á proxección dun filme grazas ás empresas ambulantes que levaban o cinema dunha vila a outra. Na novela o seu protagonista, Guillerme Cardelle, e mais a súa irmá pequena, asistirán a unha destas proxeccións: *O maquinista da General*.

2. Porta Faxeira

A Porta Faxeira foi considerada a segunda en importancia de todo o perímetro amurallado, despois da Porta do Camiño. En calquera caso, non cabe dúbida de que se trataba do acceso máis monumental, cun dobre arco no medio dos cales se situaba o arco coas armas reais da cidade, e cun león a cada lado.



Sábese que en 1858 a Porta Faxeira xa fora derrubada ou caera, de modo que Guillerme Cardelle xa non atravesara no seu percorrido desde a rúa da Raíña ata a Alameda, co que comeza a novela. Desde ano consérvase unha fotografía que coincide coa visita da raíña Isabel II á cidade, e nela pode verse unha especie de recreación da porta orixinal, pero

elaborada en madeira e adornada con motivos florais. Sobre o destino das pedras da porta orixinal, especialmente do escudo e mais os leóns, nada se sabe.

Pola Porta Faxeira entraban sobre todo produtos do mar (peixe, marisco, sal...), pois cada acceso á cidade estaba *especializado* nalgún tipo de mercadoría. Pola súa situación, a Porta Faxeira era a entrada natural para todos aqueles que se viñan facer negocio desde Noia a Fisterra, o Barbanza, Padrón, a ría Arousa, Pontevedra, Portugal... E tamén era a entrada para os peregrinos que viñan facendo o Camiño Portugués.

O seu nome pode proceder dun abundancial (é dicir, da presenza de algo, polo xeral algunha especie vexetal, en gran cantidade). As hipóteses que se barallan son as relacionadas con faias, fieitos ou figueiras. Aínda que, nun estudo de maior fondura etimolóxica, hai quen fai derivar o nome desta porta dos *feixes* de leña que podían verse nos terreos extra muros próximos á porta.

3. Rúa de Entremurallas e rúa do Peso

*“Aínda que se diga que as leva o vento, ás veces
as palabras son máis duras que as pedras”*

Como dicíamos anteriormente, case todos os nomes de rúas e prazas asociados á muralla aínda se conservan, mentres que atopar restos da muralla é un labor complicado: desta vez as palabras duraron máis que as pedras. Virxe da Cerca, Pexigo de Arriba e Pexigo de Abaixo (posiblemente vinculados aos poxigos ou portas de menor dimensións), Entrecercas, Entremuros, Entremurallas, das Ameas, da Atalaia, das Rodas (polos carros que rodeaban a muralla por esta rúa), rúa do Peso...

A muralla compostelá, ao igual que no resto de cidade, cumpría tres funcións principalmente: defensiva (para repeler os ataques ou incursións), sanitaria (para impedir o acceso intra muros das pragas e andazos tan frecuentes na época medieval) e, sobre todo, económica.

Cando as outras funcións deixan de ser necesarias (a ameaza de asedio desaparece e van aparecendo medidas máis eficaces contra as enfermidades infecciosas), a finalidade económica mantense, sobre todo para controlar a entrada na cidade das diferentes mercadorías que logo se ían vender nas diferentes rúas ou prazas. Con que obxectivo? Para lles cobrar aos mercadores unha porcentaxe do beneficio que previsiblemente ían obter por

vender os seus produtos. De aí o nome da rúa do Peso: era o lugar en que se pesaban os produtos da terra (sobre todo a fariña) e do mar para a súa introdución e venda na cidade.

Moi preto da rúa do peso, na praza de Fuenterrabia, podemos atopar unha cafetería (chamada precisamente Muralla) en cuxo chan acristalado se poden observar os restos dunha das torres da muralla, co seu foxo (rolda exterior), pomerio (rolda interior) e adarve (rolda superior, por riba da propia edificación).

4. Porta da Mámoa

A Porta da Mámoa (tamén Porta *Susannis*, pois case todos os accesos á cidade tiñan máis dun nome) era a entrada principal para os peregrinos que chegaban a Compostela facendo o Camiño da Prata (talvez esa denominación de *Susannis* veña de aí, e teña relación co lugar da Susana, un punto elevado preto da cidade do Apóstolo desde o que podería verse xa a súa muralla).

Pero quizais interesa máis a referencia a esa *mámoa* (lugar de enterramento primitivo empregado polos pobos instalados nesta parte da Península), pois é proba de que a cidade de Santiago foi un emprazamento habitado moito antes da chegada dos romanos e, por suposto, moito antes aínda da *inventio* relativa ao descubrimento dos restos do apóstolo Santiago. Logo veremos outros lugares e outros nomes (a propia rúa da Serna, xusto ao lado desta porta) de clara orixe prerromana.

Neste punto podemos facer un exercicio de reflexión sobre o coidado do noso patrimonio: por suposto, da Porta da Mámoa xa non queda vestixio ningún. E moito menos aínda da mámoa á que fai alusión o seu nome. Pero tampouco do edificio Castromil, situado a escasos metros (na praza de Galicia), para moitos o edificio moderno máis fermoso da cidade, e que foi derrubado en 1975 para construír un aparcadoiro subterráneo. E mesmo o café Derby, a carón mesmo da antiga porta, lugar de encontro e faladoiro para varias xeracións de intelectuais, pechou recentemente. Parece que nos custa aprender dos erros do pasado...

5. Porta de Mazarelos

Tras pasar por diante da igrexa das Orfas chegamos a un punto de grande importancia neste itinerario, pois na praza de Mazarelos está situada a única porta da antiga cerca compostelá que se mantén en pé. Trátase da porta do mesmo nome (tamén chamada

Mazarelas), e que servía de acceso para os viños procedentes tanto da Ulla coma do Ribeiro (de aí que tamén se denomine Porta do Viño).

Malia ser o vestixio máis importante da antiga muralla (tamén se conserva parte dunha das torres defensivas), o seu estado de conservación deixa moito que desexar: cuberta de maleza na súa parte superior, segue a ser aínda hoxe en día a principal saída dos vehículos que circulan pola zona vella da cidade. Por este motivo, a agresión á pedra que a conforma é permanente, como se comproba na cor escura e nos incontables rabuñaduras na súa superficie.

A praza de Mazarelos, completamente pegada á muralla pola súa parte interior, debeu servir no seu momento como emprazamento para vender algunha mercadoría; talvez o propio viño que entraba pola porta, ou o leite (os *mazarelos* ou *mazarelas* empregábanse para batelo), ou mesmo o peixe, como parece indicar unha gravación nunha das pedras da praza, e cuxa localización pode ser motivo de diversión.



Actualmente na praza de Mazarelos eríxese a estatua dedicada a Montero Ríos, que entre os anos 1916 e 1930 estivo no medio e medio da praza do Obradoiro, e baixo a cal

pasa o protagonista de *Once portas*, Guillermo Cardelle, na procura da solución ao misterio ao que se enfronta na novela.

Finalmente, saíndo da praza atopamos a Igrexa da Universidade, que tamén desempeña un papel relevante na trama do libro, xa que a asociación entre portas e igrexas intra muros é un dos seus *leit motiv*. Trátase dunha igrexa hoxe en día desacralizada, pero que durante moitos anos pertenceu á orde xesuíta.

6. Rúa do Castro

A rúa do Castro recibe ese nome pola existencia nesa zona (unha das máis elevadas no interior da muralla) dos restos dun poboado castrexo, o que novamente nos volve demostrar a habitación deste territorio antes da chegada dos romanos e a súa vila Aseconia.

De feito, nos planos da cidade anteriores ao século XX esta rúa recibe o nome de Callobre, con ese remate en *-obre* propio dos lugares fortificados da cultura castrexa, e que podemos atopar en centos de topónimos espaxados por toda Galicia: Sillobre, Fiobre, Barallobre, Ocobre (logo O Grove), Lestobre (logo Lestrove), Pantiñobre..., mesmo algún outro Callobre alén do compostelán.

A maiores, na praza de Entrepraciñas (curioso pleonismo) sitúase a estatua dedicada ao rei Afonso II o Casto, monarca rexente (desde a súa sede de Oviedo) canda a suposta reaparición dos restos do apóstolo Santiago, no século IX.

7. Igrexa de San Fiz

A lenda di que a igrexa de San Fiz foi construída no mesmo lugar en que se encontraba a ermida en que vivía Paio, o anacoreta que soubo do lugar de enterramento do apóstolo Santiago e os seus discípulos Atanasio e Teodoro.

En calquera caso, non cabe dúbida de que se trata dunha das igrexas máis antigas da cidade, datada probablemente no s. X, aínda que xa non se conserva nada da edificación orixinal (entre outras cousas porque foi derrubada na incursión de Almanzor no ano 997). Esta antigüidade será tamén un dos elementos transcendentais na investigación de Guillermo Cardelle ao longo da novela *Once portas*.

Na actualidade, a igrexa de San Fiz de Solovio (este *solobio* xermánico podería estar relacionado cun elemento da natureza, probablemente unha parra) é unha mestura ecléctica de diferentes estilos: románico, gótico, barroco, neoclásico... O seu elemento máis

visible (alén do campanario barroco, desproporcionado para unha igrexa tan pequena) é o tímpano que recrea a visitación dos Reis, elaborado no ano 1316 e do que se conserva aínda parte da policromía orixinal. Curiosamente, este mesmo motivo da adoración dos Reis Magos tamén se pode encontrar no acceso á capela da Corticela, a parte máis antiga da catedral de Santiago.



Ao seu carón situábase un dos poxigos da muralla de Santiago, chamado tamén de San Fiz. Tratábase dunha pequena porta de uso privado, pois pertencía aos condes de Altamira, cuxo pazo se erguía a escasos metros. Probablemente se tratase dun privilexio a cambio das numerosas doazóns desta importante familia compostelá, entre elas o predio en que se sitúa a Alameda.

Este poxigo e a súa localización exacta acabaron de perderse durante as obras de construción do mercado de abastos, entre 1937 a 1941 (fronte á rúa das Ameas, outro microtopónimo derivado da existencia da muralla), para centralizar alí a venda de produtos que ata ese momento se realizaba en varias prazas da cidade.

En *Once* portas hai máis dun capítulo cuxo escenario é esta zona da cidade; e un dos personaxes secundarios, o paraugueiro co que nun momento dado conversa Guillherme, segue presente no lugar.

8. Porta do Camiño

Á Porta do Camiño chegamos despois de atravesar a rúa das Ameas e de pasar por diante das igrexas de Santo Agostiño e Santa María do Camiño. E tamén de ver na praza da Oliveira os restos dunha antiga torre da muralla.

Non cabe dúbida de que esta era a porta principal de entrada na cidade, por varios motivos: polo seu tamaño, polo seu movemento de persoas e mercadorías e polos actos que se celebraban ao seu abeiro. Vexamos cousa por cousa.

Na parte inferior rúa das Casas Reais (onde se levanta a igrexa das Ánimas, de importancia tamén na trama da novela), a separación entre as derradeiras edificacións de cadanseu lado da rúa rolda os dez metros. Todo ese espazo estaba ocupado no seu momento pola Porta do Camiño, construída a modo de dobre arco e cuxa demolición definitiva se produciu en 1835 (aínda que xa en 1800 fora parcialmente derrubada, ao ver a muralla coma un *corsé* que impedía o desenvolvemento da cidade e a súa apertura aos barrios extra muros).

Por esta porta entraban a diario os animais e os produtos da horta das aldeas situadas ao leste da cidade; pero sobre todo quen entraban eran os peregrinos que chegaban a Compostela a través dos camiños Francés, Primitivo, do Norte... De aí que a porta tamén tivese os nomes de Francíxena (a maioría dos peregrinos eran franceses) ou de San Pedro (por ser esta a última rúa que percorrían os peregrinos antes de chegar ao recinto histórico).

Pero o simbolismo desta porta viña dado polo actos que se celebraban na súa proximidade. Por exemplo, a toma de posesión ao seu cargo por parte dos bispos composteláns tiña lugar baixo a Porta do Camiño (que curiosamente non se celebraba na catedral); e este era o acceso á para os reis e outras dignidades que visitaban a cidade.

9. Rúa de Entremuros

No número 18 da rúa Entremuros consérvase un dos restos de maior tamaño da antiga cerca compostelá. Trátase dun *pano* ou *lenzo*, é dicir, dunha das paredes (neste caso interiores) da muralla, que agora é a traseira dunha vivenda á que se accede tamén pola rúa das Rodas.

Como chegou unha parte da muralla compostelá a formar parte dunha casa particular? O proceso foi o seguinte: cando a construción deixou de servir para as finalidades

das que xa falamos (defensiva, sanitaria, económica...), o Concello e o Cabido da cidade buscaron o xeito de tirarlle algún tipo de proveito económico. E decidiron alugala por tramos, a modo de concesión a quen quixese construír unha vivenda, e sempre co compromiso dos arrendatarios de mantela en boas condicións. Deste xeito, as institucións obtiñan algúns ingresos e os usufrutuarios aforraban de levantar unha parede para as súas futuras casas.

Quedan aínda outros panos similares no perímetro da muralla (mesmo unha ameia á altura da Fonte de Santo Antonio, na actualidade pertencente ao colexio das Orfas, e a xa mencionada da praza da Oliveira), que se salvaron da destrución grazas a este tipo de arrendamentos.



10. Algalia de Abaixo

Ao remate da subida desde a rúa de Entremuros situábase o segundo dos poxigos ou portas menores: o da Algalia de Abaixo. Neste caso non se trataba dun acceso particular, coma no caso do de San Fiz, senón para a mobilidade dos habitantes desta zona da cidade, tanto de fóra cara a dentro como de dentro cara a fóra.

O poxigo da Algalia de abaixo tamén desenvolvía outra función: a de servir de vía de entrada da auga que se consumía na cidade, a través dunha canle subterránea que baixaba desde os depósitos de auga do monte da Almaciga, situado ao nordés da cidade.

Curiosamente, malia a escasa presenza dos árabes nesta comarca (e en Galicia en xeral), temos aquí dous topónimos procedentes deste superestrato: a Algalia (co sentido ‘perfume’?) e a Almaciga, que precisamente significa ‘depósito de auga’.

Sobre os pasadizos subterráneos, coma este que unía a Almaciga e a Algalia, podería afondarse ata ser motivo doutra novela. Como di un dos personaxes de *Once portas*, o escocés Phillip, o monte Libredón sobre o que se erixiu a cidade de Santiago é unha especie de formigueiro a partir de túneles e corredores que conectan diversos puntos da cidade e mesmo lugares máis alá, como o monte Pedroso ou o Pico Sacro.

11. Algalia de Arriba

Ao comezo da rúa da Algalia estaba situada a porta de San Roque, xusto fronte ao hospital do mesmo nome.

San Roque é o patrón da cidade de Santiago, malia presuntamente estar enterrado nela un personaxe tan transcendental coma un dos doce apóstolos de Xesús Cristo, enviados a evanxelizarse o mundo daquela coñecido. Cal é a razón deste aparente paradoxo? Pois ten moito que ver con ese hospital.

No século XIV as sucesivas ondatas da peste negra asolaron practicamente toda Europa, e calcúlase que por mor daquel andazo puideron morrer case a metade dos seus habitantes. Sen saberen como enfrontarse a aquel inimigo invisible contra o que non tiñan defensa, os donos das cidades só encontraban no peche das murallas unha primitiva forma de loitar contra o contaxio.

En Compostela, ademais do peche de todas as portas, a cidade encomendouse a San Roque, en cuxo hospital eran confinados aqueles que tiñan síntomas de ser portadores da doenza. E o santo cumpriu, pois intra muros non houbo casos daquela terrible epidemia. Desde entón, en xusto pago ao *milagre* do santo, a cidade de Santiago nomeou como o seu patrón a San Roque, e na actualidade o 16 de agosto, data da súa onomástica, é día festivo.

Xusto a carón desta porta sitúase a praza da Atalaia, cuxo nome indica que alí se erguía unha das cincuenta torres da muralla. Pero non unha calquera, pois neste punto a muralla alcanzaba a súa máxima elevación, uns 280 snm, fronte aos aproximadamente 240

msn do punto de menor elevación, entre as portas Faxeira e da Mámoa. Polo tanto, cabe supoñer que desde o alto desta torre se tiña a visión máis ampla da contorna, de modo que poderíamos falar de atalaia en máis dun sentido.

Por certo, este termo, atalaia, completaría a tríade de microtopónimos árabes da cidade, xunto cos xa mencionados da Algalia e a Almaciga. Curiosamente, xusto detrás desta praza, cara ao interior da zona vella, estaba emprazada a pequena xudería da cidade, coa rúa de Xerusalén como epicentro.

12. Porta da Pena

A Porta da Pena é a única (fóra dos poxigos) que non aparece referida no *Códice Calixtino* (s. XIII). Iso débese a que foi aberta no s. XIV, e ao ser posterior ás outras recibiu tamén o nome de Porta Nova da Vila.

Como vemos, desde a Porta do Camiño obsérvase unha concentración de portas e poxigos como en ningunha outra parte da muralla. Isto débese a que, cando a muralla xa non daba albergado toda a poboación compostelá, a zona norte da cidade foi unha das que máis se desenvolveu extra muros, como o demostra a construción nesta zona dos conventos de San Clara e do Carme de Arriba, emprazados practicamente un fronte ao outro.

Santiago, alén do seu simbolismo como unha das capitais da cristiandade, foi tamén a cidade máis grande Galicia durante varios períodos, o último deles no s. XIX, antes do desenvolvemento industrial de Vigo e A Coruña. Cara ao ano 1850 tiña unha poboación de 25.000 habitantes, que se foron ampliando ao longo destes case dous séculos mediante a chegada de nova poboación, o crecemento demográfico e a anexión de concellos limítrofes (Conxo, Enfesta) ata os case 100.000 actuais. No ano 1929 en que se sitúa a historia narrada en *Once portas*, a poboación era xa de case 40.000 habitantes.

Ademais de servir para entrada de produtos dirixidos á súa venda na cidade, por esta Porta da Pena entraban tamén os peregrinos que percorrían o Camiño Inglés, que iniciaban desde as cidades da Coruña e Ferrol tras a súa chegada por mar aos respectivos portos. Tras atravesar a porta continuaban dereitos para pasar entre as igrexas de San Martiño Pinario e San Miguel e desembocar na Acibecharía tras cruzar a rúa da Troia, célebre pola obra literaria e que tamén demostra a presenza humana desde tempo antiquísimo (segundo algúns investigadores, Troia procedería do substrato celta *turóbriga*, co significado de ‘lugar fortificado’).

Para outra ocasión queda o debate sobre a orixe etimolóxica do topónimo máis discutido de Galicia: Compostela, coas teorías de *Campus Stellae* ('campo da Estrela'), *Compositum tellus* ('cemiterio'), *Compostiella* ('fermosa') ou mesmo *Comboros steel* (do xermánico 'depósito de refugallo' na fabricación de pezas e ferro e outros metais, e vinculado á Estila, un dos barrios extra muros desta parte norte da cidade).



13. Porta de San Francisco

A porta de San Francisco recibe tamén o nome de *Subfratribus* (ou *Sofrades*), por estar debaixo do mosteiro de San Martiño Pinario. Pero o nome polo que é máis coñecida é o que a vincula co convento de San Francisco situado xusto en fronte, e fundado polo propio san Francisco de Asís a comezos do s. XIII. Como capital da cristiandade que era, todas as ordes relixiosas querían ter presenza en Santiago, e canto máis preto da catedral mellor, pois era un xeito de amosar o seu poder fronte a outras congregacións eclesiásticas.

A porta levantouse nun espazo denominado Val de Deus, vixente na rúa elevada paralela á de San Francisco; noutro lado houbo tamén un Val do Inferno, onde se sitúa o adro da igrexa de San Francisco, pero este tipo de topónimos foron eliminados por razóns relixiosas.

A porta de San Francisco, situada a escasos 300 metros da catedral, daba acceso á praza do Obradoiro por unha ampla rúa a carón da cal se situaban o pazo arcebispal e o hospital real, hoxe Hostal dos Reis Católicos.

14. Porta da Trindade

A última porta da muralla neste percorrido é a Porta da Trindade, a máis próxima á praza do Obradoiro (e polo tanto, á catedral), á que se accede pola empinada Costa do Cristo.

Ao contrario das demais, que servían como vía de entrada para os peregrinos que chegaban á cidade, neste caso a Porta da Trindade facía as veces de lugar de saída para aqueles peregrinos que decidían continuar o camiño ata Fisterra, a fin do mundo coñecido naquela altura.

Pola Porta da Trindade accedían os vendedores de produtos da horta que logo se venderían nas diferentes prazas da cidade. Precisamente a rúa de saída desde esta porta chámase das Hortas, o que nos indica que nos arredores se situaban terreos de cultivo para abastecer a urbe compostelá.

Xusto en fronte da porta érguese a igrexa de San Frutuoso, que aparece tamén nesa correlación entre portas e igrexas que o seu protagonista, Guillermo Cardelle, debe resolver. O máis característico da súa fachada é a parte superior, onde se emprazaron catro estatuas, dúas a cada lado, que representan as virtudes teolóxicas (prudencia, xustiza, fortaleza e temperanza) e que se asemellan sospeitosamente aos catro paus da baralla española.



Nun dos laterais da igrexa podemos atopar un *memento mori*, inscrición que se adoitaba colocar nos cemiterios como lembranza do perecedoiro da existencia humana. Neste caso consiste nunha caveira arredor da que se pode ler: *Como te ves yo me vi; como me ves te verás*. E é que neste lateral da igrexa de San Frutuoso se encontraba o camposanto en que eran enterrados os peregrinos que falecían tras a súa chegada á cidade.

15. Praza Rodrigo de Padrón

A visita remata fronte ao actual edificio de Correos (antes de Telefónica), que foi levantado no soar da Casa Grande do Cabido arredor do ano 1929 en que se sitúa a trama de *Once portas*.

Nese punto sitúo o poxigo do Souto, esa porta número 11 (o terceiro poxigo, logo dos de San Fiz e da Algalia de Abaixo) que dá título á novela é que non é invención ningunha, pois as referencias ao poxigo do Souto son múltiples.

Porén, en ningún traballo dos empregados para documentarme de cara a esta novela aparece a súa localización, nin tampouco a época en que foi aberto este novo acceso, e moito menos quen o usaban ou para que.

Entre as portas Faxeira e da Trindade atopamos o tramo máis longo da cerca compostelá sen ningún tipo de acceso (case 400 metros sen portas nin poxigos), polo que non é aventurado en exceso pensar na posibilidade de que o poxigo do Souto se atopase nesta parte da muralla. E, en todo caso, a ausencia de información ao respecto serviu como punto de partida (e como remate) a este roteiro e á propia novela.

Héctor Cajaraville